



**ACTA XUNTA DE GOBERNO**  
**SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS**  
**(ACTA NÚMERO 14)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventor:**

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **vinte e dous de abril de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporaci3n

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de abril de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE OBRAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de día e residencial comarcal.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de día e residencial comarcal, consta no mesmo:

Convenio de Colaboración asinado en data 19 de decembro de 2016, e posteriores addendas de modificación, entre o Concello de Becerreá e a Deputación de Lugo.

Proxecto da obra BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de día e residencial comarcal.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7CYLB3PNVT37BP2EWEL7QFC4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7CYLB3PNVT37BP2EWEL7QFC4.



Acta de Reformulo Previo.

Informe de Supervisión, emitido polo Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos en data 31/03/2022, con CSV: IV7CEOPPJA57SVH2WP4RP43HIY.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CG3BLH5O74XJS2IAAKXY7OE.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CG6XSLEJP57W4UFOXIJAF AE.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CG6XTZXX4IVNCS74W6NROAA.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: BECERREÁ.- Construción de centro de transformación e centro de seccionamento para o centro de día e residencial comarcal, con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 100.897,76 €, dos cales 17.511,18 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.**

**Primeiro.-** *Escrito do Concello de Palas de Rei, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimentos 196-197-198-199 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Palas de Rei, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (196-197-198-199) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:



Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adjudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adjudicación.

O Concello de Palas de Rei presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PALAS DE REI	196	PAVIMENTACIÓN ACCESO DE CARBALLAL A PONTE DO PORTO	1531.76201	300,85 €
	197	PAVIMENTACIÓN ACCESOS AO PAZO DE SALAIA		595,03 €
	198	PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DE ACCESO A VILAXOAN, LAIA E LAMEIRA		425,09 €
	199	REXENERACIÓN DO CAMIÑO DE BISTULFE (AUGAS SANTAS)		356,15 €

Por escrito de data 07/04/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PALAS DE REI	REM	MELLORA ACCESOS EN A CARREIRA	1531.76201	0,85€	1.677,12€	1.677,97€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

#### Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Palas de Rei, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Palas de Rei e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PALAS DE REI	REM	MELLORA ACCESOS EN A CARREIRA	1531.76201	0,85€	1.677,12€	1.677,97€

**2º.-** Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



**Segundo.-** *Escrito do Concello de A Pastoriza, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 222 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Pastoriza, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (222) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III

ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de A Pastoriza presentou anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
A PASTORIZA	222	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A BRETOÑA, SESELLE, A CASTIÑEIRA, AVEAL, SAN COSME, PORTELA E MARQUE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	35.025,87€

Por escrito de data 08/04/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
A PASTORIZA	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN CURRÁS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	---	35.025,87€	35.025,87€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.





Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de A Pastoriza, no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Pastoriza e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
A PASTORIZA	REM	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN CURRÁS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	---	35.025,87€	35.025,87€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2021.**

*Primeiro.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, solicitando modificación do proxecto/ memoria de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Ribas de Sil no que solicita a modificación do proxecto/ memoria de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	265	AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DE VESTIARIOS E MELLORA DA URBANIZACIÓN DA PARCELA DO XEOCAMPING DE SAN CLODIO	--	55.436,79€	55.436,79€

O concello indicado achegou o correspondente anexo III no que se concretan as baixas producidas na licitación do investimento incluído no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, da actuación indicada.

A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil a través de escrito de data 28/03/2022 solicita:

A modificación do proxecto/ memoria do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 265, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... imprevistos durante os traballos para igualar o edificio ao



resto de edificacións adxacentes ...” variando unicamente unidades de obra na memoria inicialmente aprobada, e que se achegan de novo, quedando:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	265	AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DE VESTIARIOS E MELLORA DA URBANIZACIÓN DA PARCELA DO XEOCAMPING DE SAN CLODIO	--	55.436,74€	55.436,74€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto/ memoria do investimento relativo ao Concello de Ribas de Sil que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto/memoria do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos termos da memoria achegada a través de escrito de data 28/03/2022, en síntese:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	265	AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DE VESTIARIOS E MELLORA DA URBANIZACIÓN DA PARCELA DO XEOCAMPING DE SAN CLODIO	--	55.436,74€	55.436,74€

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castro de Rei, solicitando modificación/ substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Castro de Rei no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	48	RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE EMILIO SINDE NIETO, TRAMO RUA MANUEL BECERRA ATA PRAZA MAIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	75,38€	49.008,42€	49.008,42€

O concello indicado achegou o correspondente anexo III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM.

A Alcaldía do Concello de Castro de Rei a través de escrito data 07/04/2022 solicita:

A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 48, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... necesidade de dar continuidade ás beirarrúas previstas...”,

polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	48	MODIFICADO RENOVACIÓN DE BEIRARRUAS NA RUA ALCALDE EMILIO SINDE NIETO, TRAMO RUA MANUEL BECERRA ATA PRAZA MAIRO, INCLÚDO HONORARIOS	1.897,19€	49.008,42€	50.905,61€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.



Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación proxecto do investimento relativo ao Concello de Castro de Rei que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Castro de Rei, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CASTRO DE REI	48	MODIFICADO RENOVACIÓN DE BEIRRÚAS NA RÚA ALCALDE EMILIO SINDE NIETO, TRAMO RUA MANUEL BECERRA ATA PRAZA MAIRO, INCLUÍDO HONORARIOS	1.897,19€	49.008,42€	50.905,61€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificadas nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSAGRADA, CASTROVERDE, PEDRAFITA DO CEBREIRO E MEIRA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da Mesa de Contratación do día 8 de abril de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C6DC3ADV7VLNC2ZPRKJKTC4.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7C6SKIHDUT7TU7AV4W4NDEA4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7C6DCCFJZ67WHM6RQUK52RI4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C6OD2JN75LSH46YUHE3YDEE.

Informe xurídico, asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretario Xeral, con CSV: IV7C6OD3HDRKJHEJAR7RKY2CN4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7C6IJ2JT5L7SOLSPXCKBPFA4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7C6OPTFNPPRCBOZQACAV2C7Y.

Acordo da Xunta de Goberno de data 25 de febreiro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7CYS7MLUWIKXU3WMEVEBREP4.

Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 3 de febreiro de 2022.

Acta da Mesa de Contratación do día 18 de marzo de 2022, con CSV: IV7C3TIPKB54JXJDCQHN4DYFHY, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

Jomar Seguridad S.L.

Jomar Seguridad S.L.





Clece S.A.

Moncobra, S.A.

Sistemas de Seguridade A1, S.L.

Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L.

A empresa Jomar Seguridad S.L. presenta dúas proposicións. A cláusula 14.1.1 do PCAP recolle que: “Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas na oferta presentada por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado. Cada contratista está limitado a presentar unicamente unha única proposición (en relación co lote ou lotes aos que licite, en caso de existir lotes), e polo tanto, non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas ou empresarios se o fai individualmente, ou ben, figurar en máis dunha unión temporal. A contravención dese principio dará lugar, de xeito automático, á non admisión de todas as ofertas ou propostas de licitación nas que figure, con independencia da boa fe dos outros concorrentes (artigo 139.3 da LCSP).” En consecuencia, a Mesa de contratación acorda a non admisión das ofertas presentadas por Jomar Seguridad SL.

Procédese á apertura do sobre electrónico único do resto de licitadoras, resultando que a documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame da proposición económica con criterios avaliábeis automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA porcentaxe desconto de prezos unitarios)	PRÁCTICAS
CLECE SA	31,09%	SI
MONCOBRA S.A.	2,67%	SI
SISTEMAS DE SEGURIDAD A1 S.L.	23,00%	SI
TÉCNICA DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS GALICIA S.L.	10,00%	SI

Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliábeis automaticamente, co seguinte resultado:

LICITADORES	PUNTUACIÓN OFERTA (porcentaxe desconto de prezos unitarios)	PUNTUACIÓN PRÁCTICAS	TOTAL
CLECE SA	90	10	100
MONCOBRA S.A.	7,73	10	17,73
SISTEMAS DE SEGURIDAD A1 S.L.	66,58	10	76,58
TÉCNICA DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS GALICIA S.L.	28,95	10	38,95

A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

Ofertas presentadas	Importe Oferta	Importe da Baixa	Porcentaje de Baixa sobre prezo base licitación	Primer Filtro	¿Baixa Temeraria?
CLECE SA	33.498,87	15.113,63	31,0900%	Se incluye	Es Baja Temeraria
MONCOBRA S.A.	47.314,55	1.297,95	2,6700%	No se incluye	No es Baja Temeraria
SISTEMAS DE SEGURIDAD A1 S.L.	37.431,63	11.180,88	23,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
TÉCNICA DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS GALICIA S.L.	43.751,25	4.861,25	10,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	40.499,07	8.113,43	21,36%	38.227,25	Media Ofertas incluidas
Porcentaxe de baixa a partir do cal se considera baixa temeraria e importe da oferta, en valores absolutos, a partir da cal ten esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluidas menos 10 unidades porcentuais)			29,23%	34.404,52	

Explícase que, nestas licitacións tramitadas por procedemento simplificado abreviado “sumario”, o artigo 159.4 da LCSP permite que se acumule, respecto do licitador que obtivo mellor puntuación, neste caso Clece SA, a solicitude de documentación que non conste nos rexistros de licitadores, co trámite de xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

No caso de que a empresa proposta, en tanto que presenta a mellor oferta, non xustifique a súa proposición e sexa excluída, pasará ao seguinte licitador. Neste caso, convocaríase unha nova mesa de contratación.

De xustificar, adecuadamente, a oferta presentada, en termos que deba ser admitida a súa proposición, continuarase coa tramitación, aos efectos de adxudicar e formalizar o contrato.



Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complemente á información extraída da consulta do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicarase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

Primeiro.- Non admitir, procedendo a exclusión, de conformidade co preceptuado no artigo 139 da LCSP e cláusula 14 do PCAP, á empresa Jomar Seguridad S.L. por presentar dúas proposicións á presente licitación.

Segundo.- Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo non superior a cinco días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación, Clece SA, ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

Terceiro.- Requirit á empresa Clece SA para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade. Esta documentación é a seguinte (letra L do cadro resumo do PCAP):

Documentación Xustificativa de estar inscrito no Rexistro de empresas mantedoras de instalacións de protección contra incendios.

Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil, que terá que prestar unha cobertura mínima de 800.000,00 € segundo o artigo 15 do Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios.

Copia do último recibo da póliza de Responsabilidade Civil.

Copia do Certificado de Calidade do Sistema de Xestión da Calidade implantado, emitido por unha entidade de certificación acreditada, segundo os procedementos establecidos no Regulamento da Infraestrutura para a Calidade e Seguridade Industrial, aprobado por RD 2200/1995, de 28 de decembro.

Documento escrito onde se sinale o numero de persoas adscritas ao contrato e no caso do operario ou operarios cualificados terán que sinalar para que sistemas están habilitados.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 8 de abril de 2022:

Polo que se refire á xustificación da oferta incurso en presunción de anormalidade ou anormalmente baixa, presentada pola empresa Clece SA, esta presentou xustificación en prazo. Solicitouse informe técnico á unidade xestora, con CSV: IV7CGXT6KEU73ZGDSQQU7ZKVOQ, que se incorpora ao expediente, no que se conclúe o seguinte:

“A licitadora Clece, S.A., si acredita documentalmente e xustifica razoadamente a oferta económica presentada nos termos da antedita resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.”



A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu e consecuentemente acorda admitir a proposta presentada pola empresa Clece SA, ao considerar que coa xustificación achegada se xustifica a viabilidade da oferta.

Acto seguido, valórase a documentación do artigo 150 da LCSP:

Documentación obtida polo Servizo de Contratación: certificado do rolece nos que consta NIF, DNI da representante, administradora solidaria, obxecto social, información de inscrición no Rexistro mercantil. certificado de alta en IAE, da Axencia Tributaria, da Seguridade Social e do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo.

Documentación presentada por Clece SA en resposta ao requirimento da Mesa: inscrición no Rexistro de empresas mantedoras de instalacións de protección contra incendios, copia da póliza de seguro de responsabilidade civil e do último recibo, copia do Certificado de Calidade do Sistema de Xestión da Calidade e documento onde se sinale o numero de persoas adscritas ao contrato. Incorporouse ó expediente informe de comprobación da documentación do Servizo de Benestar, con CSV IV7CGXT6KAM2RLGC6NVQEESQMM.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Excluir, de conformidade co preceptuado no artigo 139 da LCSP e cláusula 14 do PCAP, á empresa Jomar Seguridad S.L. por presentar dúas proposicións á presente licitación.

Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CLECE SA	100
2	SISTEMAS DE SEGURIDAD A1 S.L.	76,58
3	TÉCNICA DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS GALICIA S.L.	38,95
4	MONCOBRA S.A.	17,73

Adxudicar á empresa Clece SA a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. 2022/CON\_02/000013, por importe de 33.498,87 euros, aos que se engadirán 7.034,77 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 40.533,64 euros, con compromiso de realizar catro horas de prácticas de extinción no manexo de extintores e BIEs de 25 mm en cada un dos centros.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Excluir, de conformidade co preceptuado no artigo 139 da LCSP e cláusula 14 do PCAP, á empresa Jomar Seguridad S.L. por presentar dúas proposicións á presente licitación.

2º.- Clasificar aos licitadores admitidos, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CLECE SA	100
2	SISTEMAS DE SEGURIDAD A1 S.L.	76,58
3	TÉCNICA DE INSTALACIONES ELÉCTRICAS GALICIA S.L.	38,95
4	MONCOBRA S.A.	17,73

Adxudicar á empresa Clece SA a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro e Meira. 2022/CON\_02/000013, por importe de 33.498,87 euros, aos que se engadirán 7.034,77 euros en concepto de IVE (21%), o que



ascende a un total de 40.533,64 euros e coa seguinte distribución por anualidades, e previsión de inicio 1 de maio de 2022:

CENTRO	IMPORTE	APLICACIÓN	2022	2023
CAM TRABADA	6.517,90	2315.212	4.345,27	2.172,63
CAM POL	7.349,22	2315.212	4.899,48	2.449,74
CAM FONSAGRADA	10.430,56	2315.212	6.953,71	3.476,85
CAM PEDRAFITA	7.311,28	2315.212	4.874,19	2.437,09
CAN MEIRA	3.072,60	2315.212	2.048,40	1.024,20
CAN CASTROVERDE	5.852,08	2315.212	3.901,39	1.950,69
SUMA	40.533,64		27.022,44	13.511,20

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, pola cantidade de 27.022.44 €, para a anualidade 2022.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

3º.- Aplicarase unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios do Anexo III do Prego de prescricións técnicas de 31,09% e o compromiso de realizar catro horas de prácticas de extinción no manexo de extintores e BIEs de 25 mm en cada un dos centros.

A duración do contrato é de 12 meses, non prorrogables

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPRESIÓN, MANIPULADO E ENTREGA NAS OFICINAS DE CORREOS DAS COMUNICACIÓNS/ NOTIFICACIÓNS QUE SE XENEREN POLO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de impresión, manipulado e entrega nas oficinas de correos das comunicacións e notificacións postais que se xeneren polo Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección da Deputación de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON\_02/000020, consta no mesmo:

Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa, con CSV: IV7CEKY5GDUPZHBM676SI4XOP4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IVCELHTN5NS5PG7ZU4FAMIQLY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CGCS3OHRPWSUJ4IOT6NYQCY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7CHSZLJN6JIWESTQ5UOUHOA4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7CHSZJ3IUJRKB72EO5MFJXKE.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7CHTL7LJZO7CVLQVXW4M2XHY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:





**1º.-** Aprobar a contratación do de impresión, manipulado e entrega nas oficinas de correos das comunicacións e notificacións postais que se xeneren polo Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección da Deputación de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON\_02/000020.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 62.362,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 13.096,02 €, o que fai un total de 75.458,02 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP para unha duración de dous anos prorrogables por outros dous anos mais, sen que a duración total, incluídas as prórrogas, exceda dos catro anos (2+2).

O importe total do contrato ascende 75.458,02 €, IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades.

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2022	9320.22799	18.864,51 euros
2023	9320.22799	37.729,01 euros
2024	9320.22799	18.864,50 euros
		TOTAL:75.458,02

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2022, polo importe relacionado, para a anualidade 2022.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SOPORTE E MANTEMENTO DO SISTEMA SOFTWARE DE XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS: SOLUCIÓN PARA A XESTIÓN DAS PERSOAS (GINPIX-7).**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da Mesa de Contratación do día 06 de abril de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Primeiro.- Valoración da documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

Orden de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C4HZDZUJYZOE54E5GAUC764.



Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe de RR.HH., CSV: IV7C4HZ23UFLLSJMRR0445JGGE.

Informe emitido polo Servizo de Comunicación e TICs –Sección Novas Tecnoloxías, con CSV: IV7C4H2OH3XI3C4D6RPXAIRCBY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7C5S7TOE6YLG4WL4COECQEQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C6SCDBE707OZI4ZU4OX3EGQ.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7C6SC22ABI7T752BUQ6BYGG4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7C6SKNJ4EPVT7PBU5DONLWKQ.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7C6QBZAE66URN54D6EEFRQC4.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de febreiro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C6C3N3EH33LOI2LUV6Z7OGM.

Acta da Mesa de Contratación do día 03 de marzo de 2022, con CSV: IV7CY6KJZE74XC65QEAT5YRTDY que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: Solución para a xestión das persoas (GINPIX-7). 2022/CON\_02/000009.

Apertura e calificación da documentación administrativa.

Apertura e valoración de oferta dos criterios de adxudicación, criterios cuantificables automaticamente. Fase 1.

Apertura da Fase de Negociación.

Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente á documentación administrativa.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta foi Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura dos criterios de adxudicación avaliados de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.-Fase 1: Criterios de adxudicación avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente),cos seguintes resultados:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	% DE DESCONTO OFERTADO/PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 70 PUNTOS). P.B.L.: 10.644,30 €	0,0 / 0 puntos

Xunto coa oferta económica a empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. presenta unha oferta técnica (non susceptible de valoración) onde se describen as prestacións á realizar de conformidade co previsto no apartado 5 do prego de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes o seguinte:

1.- Dar traslado da oferta técnica ao Servizo de RR.HH. aos efectos de que informe se cumpre cos requisitos mínimos esixidos no PPT.

2.- Iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación.”

Acta da Mesa de Contratación do día 10 de marzo de 2022, con CSV: IV7CZWCKLBMLTTUY4D6M6R77IA que recolle as seguintes consideracións:



“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: Solución para a xestión das persoas (GINPIX-7). 2022/CON\_02/000009

Primeiro.- Apertura y valoración de oferta , fase de negociación (fase 2ª).

Segundo.- Requirimento de documentación

Deuse conta que na Mesa celebrada o día 03 de marzo de 2022 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación do contido do informe emitido polo servizo de RR.HH. en relación á oferta técnica presentada pola empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L., no que conclúe que “Que dita oferta cumpre cos requisitos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.”

Acto seguido procédese á apertura da oferta que o licitador Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. presentou na fase de negociación,resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Incremento, sen custe para a administración contratante, do mínimo de horas de formación (ata un máximo de 30 puntos).

Puntuarase o incremento, sen custe para a Administración contratante, do número de horas de formación sobre a formación mínima esixida. (apartado 4 do PPT).

Incremento de 2 horas de formación “*on line*” sobre o mínimo obrigatorio, valórase con 15 puntos.

Incremento de 4 horas de formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio valórase con 30 puntos.

Neste caso, a empresa non introduce ningún valor no modelo de oferta polo que se entende que non realiza a mesma e polo tanto a puntuación na fase de negociación será de cero puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA S.L.	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 0 puntos = 0 puntos

2º.- Requirir á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
8.796,94 €	439,85€

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Resolución da Presidencia do día 15 de marzo de 2022, con CSV: IV7C267SODVLQWMTQ45MK47EMY, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación e



se procede á clasificación dos licitadores e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao licitador mellor clasificado.

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 06 de abril de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente o certificado de non ter débedas pendentes coa Deputación Provincial de Lugo así como o decreto de prórroga (01/05/2021 ao 31/04/2022) do contrato que ten esta Deputación coa mercantil para o servizo de soporte e mantemento do sistema de información e xestión de Recursos Humanos (GINPIX-7), aos efectos de acreditar a solvencia técnica e profesional.

D. Manuel Roel intervén para dicir que lle foi imposible abrir algún dos documentos incluídos no expediente electrónico facilitado. Tendo en conta esta circunstancia, procedemos a compartir en pantalla para a súa revisión e valoración conxunta, todos os documentos presentados pola mercantil, así como os incorporados de oficio ao expediente, dándose por enterado.

Visto que o resto das persoas que integran a Mesa de Contratación non fixeron observación algunha neste senso e non manifestaron problemas no acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación presentada pola empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. con NIF: B80004732, a contratación do soporte e mantemento do sistema software de xestión dos recursos

humanos: solución para a xestión das persoas (GINPIX-7), 2022/CON\_02/000009, por un importe máximo de 8.796,94 €, ao que engadirán 1.847,36 € en concepto de IVE, o que fai un total de 10.644,30 euros.

O prazo de duración do contrato será de un (1) ano sen posibilidade de prórroga.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 11:27 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da Mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. con NIF: B80004732, a contratación do soporte e mantemento do sistema *software* de xestión dos recursos humanos: solución para a xestión das persoas (GINPIX-7), 2022/CON\_02/000009, por un importe máximo de 8.796,94 €, ao que engadirán 1.847,36 € en concepto de IVE, o que fai un total de 10.644,30 euros, coa coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022: 7.096,20 euros. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

Ano 2023: 3.548,10 euros Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.





A empresa adjudicataria comprométese a incrementar en 8 horas a formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio.

2º.- O prazo de duración do contrato será de un (1) ano sen posibilidade de prórroga. O inicio da prestación non comezará antes de que remate o contrato vixente que finaliza o 30 de abril de 2022.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adjudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

**Primeiro.-** *Convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e as Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a execución do proxecto Life in Common Land.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Medio Ambiente, relativo ao borrador de convenio entre a Deputación de Lugo (Beneficiario coordinador) e as Universidades de Santiago de Compostela e a da Coruña (Beneficiarios asociados) para a execución do Proxecto Life in Common Land (Life 16 NAT/ES/000707), no que se fai constar que:

En cumprimento do establecido no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) procede informar:

#### 1. Necesidade e oportunidade.

No Diario Oficial da Unión Europea de 20 de decembro de 2013 dáse publicidade ao Regulamento (UE) nº 1293/2013, do Parlamento Europeo y do Consello de 11 de decembro de 2013 relativo ao establecemento dun Programa de Medio Ambiente e Acción polo Clima (Life) y polo que se derroga o Regulamento (CE) n 614/2007. No seu artigo 23 establece que o programa Life poderá financiar a organismos públicos e privados. Determina así mesmo, no artigo 24 que a Comisión adoptará mediante actos de execución, programas de traballo plurianuais. No marco dos programas plurianuais de traballo, a Comisión publicará convocatorias anuais de propostas. No artigo 2 define, entre outros, os proxectos de demostración como proxectos que poñen e práctica, proban, avalían e difunden accións, metodoloxías ou enfoques que son novos ou descoñecidos no contexto específico do proxecto, como por exemplo o contexto xeográfico, ecolóxico ou socioeconómico e que se poderían aplicar noutro sitio en circunstancias similares.

Con base no anterior e con data 19 de maio de 2016, dáse publicidade e ábrese a convocatoria na páxina da Comisión Europea para a presentación de solicitudes do programa Life 2016. A convocatoria abrangue as propostas dos subprogramas: Medio Ambiente e Acción polo Clima.

Por iniciativa do Área de Cooperación cos Concellos e Medio Ambiente (Servizo de Medio Ambiente), realizáronse as xestións conducentes á participación da Deputación Provincial de Lugo como socio e beneficiario coordinador nun partenariado para a presentación dunha proposta de proxecto Life 2016 que ten como obxectivo principal a mellora de conservación das turbeiras de cobertor (7130\*) e dos queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica*



*tetralix* (4020\*). Na iniciativa presentada tense en conta o compoñente social con especial énfase na xestión veciñal do monte. A iniciativa denomínase: Xestionando en común a terra, un modelo sostenible para a conservación e o desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación (en inglés: Life in Common Land, Managing land in common, a sustainable model for conservation and rural development in special areas of conservation).

Xunto coa Deputación Provincial de Lugo, participan como socios a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de A Coruña (UDC).

O proxecto solicitado baixo a convocatoria Life 2016, que abrangue dende o ano 2017 ate o ano 2022: Life in Common Land, ten un orzamento de 1.997.469,00.

Con data 10 de marzo de 2017 dáse conta á Xunta de Goberno das accións realizadas ata ese intre na presentación da candidatura Life In Common Land na convocatoria Life 2016.

Con data 31 de maio de 2017 recíbese, en duplicado exemplar, unha comunicación remitida pola Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises (EASME) da Comisión Europea na que resollen e remiten asinado o acordo de subvención (en inglés grant agreement) do proxecto número Life 16 NAT/ES/000707 Xestionando en común a terra, un modelo sostenible para a conservación e o desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación (en inglés: Life in Common Land, Managing land in common, a sustainable model for conservation and rural development in special areas of conservation) para a súa sinatura por parte da Deputación de Lugo, como beneficiario coordinador do proxecto.

Con data 14 de xuño de 2017 procédese a sinatura e posterior remisión á EASME do devandito acordo de subvención. O acordo entrou en vigor na data da sinatura por parte da Deputación de Lugo empezando o 1 de setembro de 2017 rematando o 31 de decembro de 2022.

Na solicitude de axuda incorporábanse as Declaracións e mandatos dos beneficiarios asociados, Universidades de Santiago e A Coruña, así como as declaracións de apoio asinadas polos diferentes concellos e demais entes representativos da zona de actuación. Dado que os beneficiarios asociados asumen obrigas monetarias e de execución das accións do proxecto, a

Comisión Europea pon a disposición na súa web dun modelo de convenio a asinar entre o Beneficiario Coordinador (neste caso a Deputación de Lugo) e os mesmos.

O 31.07.2017 a Deputación de Lugo e as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña asinan un primeiro convenio que remata o 31.07.2021.

A pandemia mundial da Covid-19 derivou nun retraso no cumprimento dunha parte das actuacións previstas no devandito convenio (p. ex. pagos compensatorios por aplicación de modelos de xestión baseados en resultados de conservación) así como en xeral tódalas actuacións de seguimento e medición de indicadores e de sensibilización pública.

## 2. Impacto económico.

Na parte financeira, o acordo incorpora os custos globais do proxecto que ascenden a 2.001.469,00€ e establece que o importe máximo da subvención será de 1.493.460,00€ (74,62%) dos custos elixibles.

A participación total do Beneficiario Coordinador do proxecto (Deputación de Lugo) e dos Beneficiarios Asociados (Universidades de Santiago e A Coruña) reflíctese no cadro xunto.

ENTIDADE	ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO	APORTACIÓN PROPIA DE CADA ENTIDADE	APORTACIÓN DA UE A CADA ENTIDADE
DPLUGO	579.281,00 €	211.690,00 €	367.591,00 €
UDC	565.026,00 €	100.044,00 €	464.982,00 €
USC	857.162,00 €	196.275,00 €	660.887,00 €
TOTAL PROXECTO	2.001.469,00 €	508.009,00 €	1.493.460,00 €

A participación total da Deputación de Lugo no devandito proxecto ascende a douscentos once mil seiscientos noventa euros (211.690,00€) de acordo coas seguintes anualidades:

2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL PERÍODO 2017-2022
5.552,00 €	20.038,90 €	18.135,01 €	19.522,68 €	19.186,46 €	129.254,95 €	211.690,00 €

Iniciadas as actuacións previstas no primeiro convenio, tras as verificacións oportunas, a UE realizou os pagos correspondentes aos dous primeiros anticipos: 30% en 2017 e 40% en 2020,



quedando pendiente o 30% que o ingresarán unha vez rematado e xustificado o proxecto ante a Comisión Europea, previsiblemente en 2023.

ENTIDADE	CONTRIBUCIÓN UE	1er PAGO (30%)		2º PAGO (40%)		3er PAGO (30%)
		Importe	Data pago	Importe	Data pago	
DPLUGO	367.591,00 €	110.277,30 €	17/07/2017	147.036,40 €	25/05/2020	110.277,30 €
UDC	464.982,00 €	139.494,60 €	15/09/2017	185.992,80 €	01/07/2020	139.494,60 €
USC	660.887,00 €	198.266,10 €	15/09/2017	264.354,80 €	30/06/2020	198.266,10 €
TOTAL PAGO UE	1.493.460,00 €	448.038,00 €		597.384,00 €		448.038,00 €

### 3. Xustificación do cumprimento das disposicións dos artigos 47 ao 53 da LRXSP.

A este respecto cabe sinalar:

O convenio a subscribir ten natureza administrativa, na que figura como partes asinantes esta Administración e dúas Universidades públicas e o seu obxecto non contén prestacións obxecto de contratos administrativos, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

A xuízo de quen subscribe o convenio non ten por obxecto prestacións propias dos contratos e cumpre co previsto na LRJSP.

O convenio non instrumenta unha subvención que deba cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O contido do convenio axústase ás determinacións da LRJSP en razón á natureza do mesmo de das finalidades que persegue.

Polo exposto, dedúcese que existe unha habilitación legal na que se fundamenta a celebración do convenio.

Por outra banda, no que respecta ao contido do convenio, cumpre tamén co establecido no artigo 49 da antedita Lei, xa que o convenio inclúe e regula, cando menos, as seguintes materias:

- a) suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes.
- b) a competencia na que se fundamenta a actuación da Deputación Provincial de Lugo.

c) o Obxecto do convenio e as actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento.

d) as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

e) as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes y, de ser o caso, os criterios para determinar a posible indemnización por el incumprimento.

f) o establecemento dunha comisión paritaria como mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan presentarse respecto dos convenios.

g) o réxime para a modificación do convenio.

h) o prazo de vixencia do convenio e regulación para a súa prórroga.

Tendo en conta as actividades que se promoven, o convenio, de ser aprobado e subscrito, será plenamente válido e eficaz, toda vez que cumpre co establecido no punto 3 do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, xa que a súa aplicación suporá unha mellora na eficiencia da xestión pública, facilitará a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuirá á realización de actividades de utilidade pública e cumprirá coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Polo exposto, e coa finalidade de completar as actuacións reflectidas no primeiro convenio e retrasadas por mor da pandemia, infórmase sobre a conveniencia da sinatura dun segundo convenio que rexa as relacións internas entre o Beneficiario Coordinador do proxecto (Deputación de Lugo) e os Beneficiarios Asociados (Universidades de Santiago e A Coruña) segundo modelo xunto.

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, este Área propón á Xunta de Goberno que se adopten o seguinte acordo:



Aprobar o Convenio entre a Deputación de Lugo (Beneficiario Coordinador) e as Universidades de Santiago de Compostela e a da Coruña (Beneficiarios Asociados) para a execución do proxecto Life in Common Land (Life 16 NAT/ES/000707).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Convenio canalizador da subvención excepcional a outorgar pola Excma. Deputación Provincial de Lugo a EZE Mosquera Events S.L. co obxecto de colaborar na actividade: “4ª Etapa “Camiño de Lugo” (Sarria- Sarria CRI)- O Gran Camiño International Galician Tour”, ano 2022.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder ao EZE Mosquera Events S.L. para sufragar os gastos derivados da actividade: “4ª Etapa “Camiño de Lugo” (Sarria- Sarria CRI)- O Gran Camiño International Galician Tour”, durante a anualidade 2022, polo importe de 120.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.

Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deportes” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020 – 2022, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de 02 abril 2020 (actualización de PES aprobada por acordo da Xunta de Goberno de venres 4 de febreiro de 2022).

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 120.000,00€, a favor da entidade EZE Mosquera Events S.L. para sufragar gastos derivados da actuación “4ª Etapa “Camiño de Lugo” (Sarria- Sarria CRI)- O Gran Camiño International Galician Tour”, subvención incluída na liña 12.1c que leva por título "Deportes" da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 120.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor da entidade EZE Mosquera Events S.L., para sufragar gastos derivados da actuación “4ª Etapa “Camiño de Lugo” (Sarria- Sarria CRI)- O Gran Camiño International Galician Tour”.





3º.- Que se aprrobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS ÁS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA ZONA ESPECIAL DE CONSERVACIÓN (ZEC) DA SERRA DO XISTRAL (LIFE IN COMMON LAND) QUE APLIQUEN MODELOS DE XESTIÓN BASEADOS EN RESULTADOS DE CONSERVACIÓN.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo ás bases e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) Serra do Xistral (Life in Common Land) que apliquen Modelos de Xestión baseados en Resultados de Conservación.

Tendo en conta:

Considerando que A Deputación de Lugo acudiu xunto cos seus socios Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Universidade da Coruña (UDC) á concorrencia correspondente dentro do Programa Life para o período 2014-2020, solicitando á Comisión Europea a inclusión dentro da financiación deste período que se tivera en conta o Proxecto denominado “Life in Common Land – Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”. O instrumento ou programa Life trátase do único instrumento financeiro da Unión Europea dedicado, de forma exclusiva, ao Medio Ambiente.

Con data 24 de maio de 2017, e logo do devandito proceso de concorrência, a Comisión Europea e mais concretamente a Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises (EASME), asinou a conformidade e o Grant Agreement que fundamenta e rexe a obtención por parte da Deputación de Lugo como Socio Beneficiario Coordinador e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Universidade de A Coruña (UDC), como Socios Beneficiarios do proxecto solicitado por estas Entidades: “Life 16/NAT/ES/707 – Life in Common Land – Xestionando en común a terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural nas zonas especiais de conservación”.

A Deputación de Lugo é a entidade responsable da coordinación do proxecto europeo Life in Common Land, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña como beneficiarios asociados. O obxectivo xeral de Life in Common Land é mellorar o estado de conservación dos hábitats prioritarios para a Unión Europea: 7130\* Turbeiras de Cobertor Activas, 7110\* Turbeiras altas activas, e 4020\* Queirogais húmidos atlánticos na ZEC Serra do Xistral.

En 2022, último ano de execución do proxecto, este programa inclúe a realización de Pagos por Resultado de Conservación ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) da Serra do Xistral (Life in Common Land) que desenvolven a súa actividade de acordo ao Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación do proxecto Life in Common Land.

Esta tipoloxía de pagos responden á iniciativa pioneira do proxecto Life in Common Land de implantar un Esquema de pagos por resultados de Conservación para a conservación de hábitats prioritarios de turbeira e queirogal húmido na ZEC Serra do Xistral a través dun manexo do pastoreo extensivo de gando vacún e cabalar realizado por parte das comunidades dos Montes Veciñais en Man Común implicados.

O desenvolvemento desta acción desenvolverase mediante unha convocatoria de subvencións, en réxime de concorrência, contemplada na acción B1 Pagos compensatorios por aplicación de Modelos de Xestión Baseados en Resultados de Conservación do Grant Agreement



do proxecto Life in Common Land, e ten unha dotación orzamentaria subliñada no devandito Grant Agreement, de 300.000,00 €.

O importe da subvención a conceder, por entidade solicitante, terá un importe mínimo de 300,00 €, e estará determinada pola superficie de presenza dos Hábitats de Interese Comunitario (concretamente os hábitat 4020\* Queirogais húmidos atlánticos, 7110\*Turbeiras altas activas e 7130\* Turbeiras de cobertor activas) no monte, incluída na ZEC Serra do Xistral (ES1120015), e o seu estado de conservación (Bo (FV), Medio (U1) e Suficiente (U2)), determinado a partir do Conxunto de Indicadores deseñados no proxecto LIFE in Common Land segundo a descrición das categorías do estado de conservación e de acordo ás tarifas máximas establecidas no esquema de pagos no Anexo III).

Naquelas áreas nas que se executasen no trienio avaliado (2019, 2020, 2021) actuacións de mellora de conservación dos hábitats prioritarios en cuestión, como poden ser desbroces específicos, estas áreas poderán ser consideradas en estado de conservación bo a efectos dos pagos por resultados. Estas actuacións de mellora de hábitats son recoñecidas e valoradas adecuadamente no contexto desta subvención. A avaliación destas áreas para este fin farase a través do Informe de Seguimento do Estado de Conservación dos Hábitats de Interese Comunitario do ano 2022, a realizar polas Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña e que será tido en conta pola Comisión de Valoración para a súa proposta de resolución desta convocatoria.

Estas subvencións conlevan unha carga modal, xa que os beneficiarios das mesmas deberán manter o Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación segundo o establecido no proxecto Life in Common Land, motivo polo cal, con base no establecido no artigo 12.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación e no apartado 12.2 do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 da Deputación de Lugo, considérase un caso excepcional no que queda eximida a obriga de achegar unha porcentaxe de financiamento mínimo con fondos propios por parte dos beneficiarios das subvencións.

O Servizo de Medio Ambiente, será o encargado de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da avaliación das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor. A

devandita Comisión de avaliación estará composta por tres funcionarios/as da Deputación de Lugo, a Interventora e o Secretario Xeral da Deputación Provincial. Ademais formarán parte desta comisión un técnico da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e 1 técnico da Universidade da Coruña.

As diferentes superficies dos Montes Veciñais en Man Común serán avaliadas por técnicos especialistas das Universidades de Santiago de Compostela (USC) e da Coruña, pertencentes ao proxecto Life in Common Land. Este equipo técnico avaliará o estado de conservación dos hábitats segundo os criterios de avaliación recollidos no Anexo III (Avaliación simplificada do estado de conservación dos hábitats 4020\*, 7110\* e 7130\* no marco do proxecto LIFE in Common Land), terá en conta o traballo realizado coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e o seguimento realizado durante o proxecto Life in Common Land nos últimos 3 anos (2019, 2020, 2021). A partir desta avaliación do estado de conservación dos hábitats prioritarios en cuestión, cuantifícanse os Pagos por Resultados de Conservación, de acordo ao Esquema de Pagos.

O equipo técnico elaborará o Informe de Seguimento do Estado de Conservación dos Hábitats de Interese Comunitario do ano 2022 que será considerado pola Comisión para o seu estudo e formulación da proposta de resolución da referida convocatoria á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Tendo en conta os informes favorables do Servizo de Medio Ambiente, do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención provincial, propónse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Autorizar o devandito gasto por importe de trescentos mil euros (300.000,00 €) con cargo ás aplicacións orzamentarias 1723.4890055 (249.734,95 €) e 1723.48900 (50.265,05 €) do vixente Orzamento Xeral (ano 2022).

**2º.-** Aprobar as bases e os anexos (relativos aos modelos de presentación de solicitudes e de xustificación de subvencións), así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común da Zona Especial de Conservación (ZEC) Serra do Xistral (Life in Common Land) que apliquen Modelos de Xestión baseados en Resultados de Conservación.



3º.- Realizar a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das referidas subvencións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS SOBRE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA XUNTA DE GALICIA DO PLAN BÁSICO MUNICIPAL DE RIORTORTO (LUGO)**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2022RPE005940, de data 06.04.2022, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Riotorto (Lugo), visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 20 de abril de 2022 que di:

“En sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou emitir informe desfavorable ao documento do Plan Básico Municipal de Riotorto que fora presentado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia mediante escrito de Rexistro 2021RPE012425 de 11.06.2021 para informe sectorial de estradas provinciais, en tanto non se modificaran determinados aspectos que se sinalaban no informe do Servizo de Vías e Obras.

O documento que presenta con data 06.04.2022 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia contén as modificacións referentes ás estradas provinciais que se consideran conformes ás condicións que se establecían no acordo da Xunta de Goberno de 22.10.2021, polo que se propón a emisión de informe favorable á documentación remitida do PBM de Riotorto con data de redacción marzo de 2022.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, de contestación ao informe emitido pola Deputación de Lugo ao Plan Básico Municipal de Riotorto (Lugo), recibido o 06.04.2022 con número de Rexistro 2022RPE005940.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **11.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO EN ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO POR ERRO NO INFORME SOBRE VALIDACIÓN DE GASTO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Detectado erro no Informe- proposta remitido por este Servizo en data 1/04/2022 para Xunta de Goberno en relación a validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e proponendo o pagamento da seguinte factura:

ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN	CONCEPTO ORZAM/ADO PROVISIONAL
IGNACIO DOCANDO TEIJEIRO	22/00002	28/02/22	2.985,28 €	Subm.pneumaticos para maquinaria 2022/FAC-01/000694	SUBM.	febreiro 2022	9201.213 92022/2627
TOTAL			2.985,28 €				

Solicítase a corrección do mesmo, (artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro), donde consta:

“Informe- proposta de validación do gasto do Servizo do Parque Móbil en relación ca omisións de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 2.985,28 euros”,

Debe constar:



“Informe- proposta de validación do gasto do Servizo do Parque Móbil en relación ca omisións de fiscalización de obrigas con contrato vencido polo importe de 2.985,28 euros”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA EN RELACIÓN CON RENUNCIAS DE SUBVENCIONS DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 22 de outubro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 138 do 19 de xuño de 2021, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

NOME ENTIDADE	CATEGORÍA	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
SOCIEDAD DEPORTIVA GUITIRIZ	ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	TORNEO DE FÚTBOL BASE	400 EUROS
SOCIEDAD DEPORTIVA BECERREÁ	ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	TORNEO DE FÚTBOL BENXAMÍNS E ALEVÍNS	543 EUROS
CLUBE BALONMAN VIVEIRO	ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	TORNEO DE BALONMAN	629 EUROS
CLUB LEMOS	ACTIVIDADE COMPETITIVA FEDERADA	FÚTBOL	1.000 EUROS
LUGO FUTSAL	ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	CLINIC DE ADESTRADORES DE FÚTBOL SALA	400 EUROS

## **13.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBES**

## **DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de tres mil setecentos trinta e seis euros (3736,00 €) a Sporting Pontenova para Fútbol; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial de data 22 de outubro de 2021, polo que se resolve o procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021, emítese o seguinte,

Informe:

Primeiro. Que o Club Sporting Pontenova presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 31/01/2022 15:58:46 e numero de expediente 2022/PES\_03/001649 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2021, concedida para Fútbol, por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de outubro de 2021.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2021, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 11 de xuño de 2021, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.





Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

I. Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

II. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

III. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

IV. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

V. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

VI. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VII. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Anexo IV (actividade competitiva/ eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos) afectados á Deputación:

Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto de xustificantes comprobarase unha mostra que polo menos supoña a seguinte porcentaxe en función do número de xustificantes:

Menor ou igual a 10, 10%.

Entre 10 e 30, o 5%.

Superior a 30, o 2%.

Para os efectos de presentación e acreditación de facturas, xunto co resto da documentación xustificativa esixida nas respectivas bases da convocatoria, os beneficiario deberá formular escaneo das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos.

Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.



Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores:

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data ....., asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Só se terán que presentar os xustificantes de pagamento das facturas imputadas á subvención da Deputación de Lugo.

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e

fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindibles para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 03/02/2022 10:09:50 e número de rexistro de saída 2022RPS001463, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV. Relación clasificada e imputación de gastos.

Na relación de gastos aparece un certificado da Mutualidade de futbolistas, deberá relacionar os boletíns de mutualidade da anualidade 2021.

Na cuarta columna “data de pagamento” soamente deberá indicar a data de pago das facturas polo importe da subvención concedida.

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Logo de ver o Anexo III detectase que o beneficiario solicitou unha subvención de 10000 € ao Concello da Pontenova, polo que deberá incorporar a relación mais gastos.



Anexo I. Instancia.

A denominación correcta da actividade é Fútbol.

Logo de modificar a relación de gastos deberá modificar o custo total da actividade.

Anexo II. Memoria Xustificativa.

A denominación correcta da actividade é Fútbol.

En beneficiarios deberá indicar o numero de xogadores.

Logo de modificar o Anexo IV deberá modificar o punto II e III.

Boletíns de mutualidade da anualidade 2021

Cuarto. Que consta recepción electrónica do referido requirimento asinada por parte do beneficiario de data 03/02/2022 11:11:24.

Quinto. Que con data 09/02/2022 11:36:31 e número de expediente 2022/PES\_03/001649, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no anteriormente referido requirimento, a entidade Sporting Pontenova presentou escrito e documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Logo de revisar a documentación presentada detéctase que o beneficiario achega unha relación clasificada de gastos inferior aos ingresos declarados e por tanto, á vista da documentación e declaracións formuladas constataríase a concorrencia de axudas públicas (Concello da Pontenova), ingresos ou recursos, que implicarían un sumatorio de importe total superior ao custo total da actividade declarado, polo que o importe da subvención concedida, illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superaría o custo da actividade ou comportamento.

Visto o previsto no punto 13. reducións, das bases da convocatoria subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, que establecen:

(...)

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou

internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida até que non se supere este custo.

Sexto. Que no anteriormente referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, no suposto de falta de xustificación producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Sétimo. Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Oitavo. Que con data 22/03/2022 14:36 e numero de rexistro de saída 2022RPS003874 procedeuse a comunicarlle ao beneficiario, á vista do exposto do determinado nas bases da convocatoria, o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo e por tanto a apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes, de acordo co sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 22/03/2022 15:36:33.

Noveno. Que transcorrido o prazo determinado para o tramite de audiencia, non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario Sporting Pontenova.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Sporting Pontenova por importe de tres mil setecentos trinta e seis euros (3736,00 €) para Fútbol, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 22 de outubro de 2021, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades



deportivas na anualidade 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 22 de outubro de 2021, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2021, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.138, do sábado 19 de xuño de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **14.- PROPOSTA SOBRE EXTINCIÓN DO CONTRATO LABORAL SUBSCRITO CUN CONDUCTOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL, POR DECLARACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRAO DE TOTAL.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Félix Palacios Lagarón, Conductor do Cadro de Persoal Laboral, que ocupa o posto de Responsable II Taller, adscrito á Granxa Provincial, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal dende o 15 de outubro de 2020.

Considerando que por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 5 de abril de 2022, foille recoñecida a D. Félix Palacios Lagarón a pensión de Incapacidade Permanente, no Grao de Total para a Profesión Habitual, con efectos económicos do día 1 de abril de 2022.

Consideracións Legais e Técnicas.

O artigo 194 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A comunicación do Instituto Nacional da Seguridade Social establece literalmente que:  
“(...)

Non se prevé que a situación de incapacidade vaia ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos”.

Considerando que o artigo 49.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (en adiante, ET), establece que o contrato de traballo extinguirase, entre outras causas, por “(...) incapacidade permanente total ou absoluta do traballador sen prexuízo do disposto no artigo 48.2”.

A este respecto, o artigo 48.2 do ET dispón: “No suposto de incapacidade temporal, producida a extinción desta situación con declaración de incapacidade permanente nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual, absoluta para todo traballo ou grande invalidez, cando, a xuízo do órgano de cualificación, a situación de incapacidade do traballador vaia ser previsiblemente obxecto de revisión por melloría que permita a súa reincorporación ao posto de traballo, subsistirá a suspensión da relación laboral, con reserva do posto de traballo, durante un período de dous anos a contar desde a data da resolución pola que se declare a incapacidade permanente.”

Segundo o disposto no artigo 48.2 e dado que a Dirección Provincial de Lugo do INSS (órgano de cualificación da incapacidade) non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, enténdese que procede a extinción da relación laboral, sen reserva de posto de traballo.





Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a extinción da relación contractual desta Entidade con D. Félix Palacios Lagarón, dende o día 1 de abril de 2022, data na que lle foi recoñecida a situación de Incapacidade Permanente no Grado de Total, sendo o derradeiro día de traballo o 31 de marzo de 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.